

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA INTERUNIVERSITARIA DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN CIENCIA E TECNOLOXÍA QUÍMICA

Lugar: Reunión telemática mediante a aplicación MS Teams.

Data e hora: 13 de febreiro de 2023, 11:10 horas.

Asistentes:**USC.**

Rodil Rodríguez, Rosario (USC) Coordinadora
Sánchez Pedregal, Víctor M. (USC) Secretario
Fernández Rodríguez, Berta (USC) Vogal
Labisbal Viqueira, María Elena (USC) Vogal
Moreda Piñeiro, Antonio (USC) Vogal
Ramil Criado María (USC) Vogal
Sanmartín Matalobos, Jesús (USC) Vogal

UVigo.

Vaz Araújo, Belén (UVigo) Vogal e Coordinadora Local UVigo
Álvarez Rodríguez, Rosana (UVigo) Vogal e Secretaria Local UVigo
Bendicho Hernández, Carlos (UVigo) Vogal
Carballo Rial, Rosa (UVigo) Vogal
Peña Gallego, María de los Ángeles (UVigo) Vogal

Ausentes:

Vázquez Sentís, Marco Eugenio (USC) Vogal

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.
2. Segundas prórrogas.
3. Admisións no programa 2o período.
4. Proposta de actividade de seguimento.
5. Seguimento das accións de mellora do PD.
6. Informe da coordinación.
7. Rolda aberta de intervencións.

DESENVOLVEMENTO DA REUNIÓN.

Convocados pola Coordinadora mediante correo electrónico, comeza a sesión ás 11:10.

1. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.

Sométese a aprobación a acta da reunión do día 15 de setembro de 2022. **Apróbase** por asentimento.

2. Segundas prórrogas.

O acordo vixente establece que as segundas prórrogas se comunican á Comisión Académica Interuniversitaria. Houbo dúas solicitudes na USC (ver Anexo I), que xa foron aprobadas na sesión da CAPD local de 5 de decembro de 2022.

3. Admisións no programa 2º período.

As admisións apróbanse na Comisión Académica Interuniversitaria. Neste segundo período de matrícula (febreiro 2023) houbo 6 solicitudes na USC e unha na UVigo (ver Anexo II).

A solicitude da UVigo cumpre os requisitos. Admítese.

Das 6 solicitudes na USC:

- Dúas cumpren todos os requisitos e van acompañadas dunha carta de aceptación dun titor. Admítense.
- Dúas presentan a documentación básica pero non acreditan coñecemento dos idiomas oficiais (galego e/ou español) por proceder do estranxeiro, nin indican liñas temáticas do programa nin o compromiso dun posible titor. Outras dúas non aportan ningunha acreditación dos requisitos. **Acordo:** denegar admisión na lista provisoria e comunicarse cos solicitantes para que aporten a documentación que falta no período de reclamacións.

4. Proposta de actividade de seguimento.

Preséntase un borrador da actividade. Deixa aberta as opcións de que a actividade sexa conxunta para as dúas universidades ou local. Tamén permite que a actividade sexa presencial ou en liña. Estes aspectos regularanse en cada curso no momento da convocatoria. Haberá unha convocatoria cada curso académico, ao final do segundo cuadrimestre.

Na deliberación acórdase o seguinte:

- Nesta actividade vaise avaliar o cumprimento do programa formativo e do plan de traballo, mais non os resultados científicos das investigacións.
- Quedan exentos desta actividade os alumnos que leven máis de 24 meses facendo da tese.

- Este curso deben realizala os alumnos que están entre os meses 18-24 da tese. Os alumnos ausentes por estada en outra institución poderán realizar esta actividade na convocatoria do próximo curso.

Acordo: apróbase o documento incorporando estas consideracións (Anexo III); a actividade convocarase para o curso actual 2022/23.

5. Seguimento das accións de mellora do PD.

Cómpre revisar as 10 accións de mellora, que se recollen no Anexo IV.

AM-01. Escasa participación de estudantes en la actividad formativa "Formación en tareas docentes" (optativa).

A actividade é optativa porque só poden realizala os estudantes con contratos que permitan colaborar na docencia. A consecuencia da última Ley de Ciencia, a USC autoriza a colaborar na docencia os estudantes con calquera tipo de contrato predoutoral. Tanto na USC como na UVIGO hai estudantes que colaboran na docencia pero non rexistran esta actividade no seu expediente. Isto a pesares de que na reunión de inicio de curso lembrouse aos estudantes que o fagan.

Acordo: manter esta actividade e instar aos alumnos a rexistrala no seu expediente. A final de cada curso escribirase aos alumnos para que rexistren o seu certificado no seu expediente.

AM-02. Actividade formativa "Redacción y presentación de resultados científicos en el ámbito químico".

É actividade obrigatoria pero pode considerarse suprimila se non é viable. A UVI oferta formación algúns anos e a USC apenas oferta cursos. Na deliberación, a CAPD considera que é unha formación necesaria polo que hai que intentar que sexa viable. Infórmase de que a EDIUS (USC) ten previsto ofertar cursos e que a UVIGO ten cursos abertos á inscrición de alumnado da USC.

Acordo: manter a actividade no programa e insistir en que se oferten máis cursos en cada universidade participante.

AM-03. Internacionalización.

Non foi posible establecer convenios coas universidades indicadas. Na deliberación, a CAPD considera que non está claro o posible beneficio para o programa destes convenios, xa que se colabora a nivel internacional por outras vías.

Acordo: dar por pechada esta acción.

AM-04. Formación en entorno empresarial.

Non se realizou ningún avance. Implicaría establecer convenios con empresas. A actividades sería optativa. Na deliberación, a CAPD considera que non está claro o posible beneficio para o programa destes convenios con carácter xeral, xa que con marco actual xa é posible que os estudantes interesados poidan facer estadias en empresas e isto xa ten recoñecemento no seu expediente. Non se ve viable, nin conveniente, que estas estadias tivesen carácter obrigatorio.

Acordo: dar por pechada esta acción.

AM-05. Informar a estudantes estranxeiros das posibilidades do programa de doutoramento.

O obxectivo era facer versión en inglés da web do programa. Isto xa está feito desde a renovación da páxina web no ano 2022. Ademais, 'web analytics' está rexistrando o lugar de orixe das visitas. Actualmente o 30% das visitas (≈ 30) son de fóra de España.

Resultado: dáse por cumprida esta acción de mellora. En adiante farase seguimento das visitas e incorporación de estudantes estranxeiros.

AM-06. Obter información dos egresados, tanto da satisfacción do programa de doctorado como de empregabilidade.

Temos pouca información. Un problema é a baixa participación dos egresados nas enquisas que envían as universidades. Os servizos de calidade das universidades están poñendo en marcha sistemas de obtención de información. A nosa CAPD non dispón de medios para recabar directamente esa información.


Acordo: Esperar ao resultado das enquisas oficiais a egresados de final deste ano. Se non é suficiente, buscar medios propios para acceder a dita información.

AM-07. Coñecer o impacto das últimas modificacións no título.

Esta acción está en realización. Unha dificultade é que o número de liñas de investigación por estudante non é homoxéneo: uns teñen só unha liña pero outros teñen dúas ou tres, polo que os datos teñen que ser depurados manualmente.


A continuación reproducíase unha primeira análise do número de estudantes por liña de investigación.

USC	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
E1031L1E Química Biológica y Medicinal	13	13	6	9
E1031L1F Química de Coordinación y Organometálica	4		1	2
E1031M01 Ciencia de la Separación y Cromatografía	5	1	2	1
E1031L1H Tratamiento de Datos y Quimiometría	1			1
E1031L1B Ciencia de Materiales: Estructura y Funcionalidad	1	6	8	6
E1031L1D Estructura y Reactividad Química	2	3	1	
E1031L1C Espectroscopia		1		2
E1031L1G Síntesis y Catálisis			5	4




UVIGO	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
E1031L1E Química Biológica y Medicinal		1	2	1
E1031L1F Química de Coordinación y Organometálica		1		1
E1031M01 Ciencia de la Separación y Cromatografía				

E1031L1H Tratamiento de Datos y Quimiometría				
E1031L1B Ciencia de Materiales: Estructura y Funcionalidad				
E1031L1D Estructura y Reactividad Química				
E1031L1C Espectroscopia		1		1
E1031L1G Síntesis y Catálisis	1	1	1	



Global (USC + UVIGO)	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
E1031L1E Química Biológica y Medicinal	13	14	8	10
E1031L1F Química de Coordinación y Organometálica	4	1	1	3

E1031M01 Ciencia de la Separación y Cromatografía	5	1	2	1
E1031L1H Tratamiento de Datos y Quimiometría	1	0	0	1
E1031L1B Ciencia de Materiales: Estructura y Funcionalidad	1	6	8	6
E1031L1D Estructura y Reactividad Química	2	3	1	0
E1031L1C Espectroscopia	0	2	0	3
E1031L1G Síntesis y Catálisis	1	1	6	4



AM-08. Dispoñer dunha información pública completa, homoxénea e centralizada nunha páxina web.

Actualizouse a páxina web a finais do ano 2022, intentando recoller toda a información de forma global. Resultado: acción completada.

<https://www.doctorado-quimica-usc-uvigo.es>

AM-09. Dispoñer dunha información homoxénea e centralizada global do programa de doutoramento.

O problema é que os indicadores locais de cada universidade son distintos e reciben nomes distintos. De forma manual, recolléronse nun documento Excel (AM-09, incluído na documentación desta xuntanza) de xeito globalizado os indicadores do PD, quedando pendente actualizar o curso 21/22 (ver Anexo V).

AM-10. Dispoñer de información sobre a satisfacción dos diferentes grupos de interese.

O problema é a baixa participación nas enquisas oficiais dos servizos das universidades. Ademais, os cuestionarios son distintos nas universidades participantes. Proponse agardar pola información do curso 2021/22. A CAPD instará a profesorado e alumnado a participar en ditas enquisas. Dependendo do grao de participación, a CAPD poderá enviar o seu propio cuestionario.

Da satisfacción do PAS só temos enquisas globais do conxunto de programas de doutoramento. A causa é porque hai pouco PAS neste programa.

6. Informe da coordinación.

Está en fase de reforma o regulamento dos programas de doutoramento do RD 99/2011. A previsión é que a duración ordinaria das teses pase de 3 a 4 anos, e que só se permita unha prórroga dun curso (4+1 anos) no canto das dúas permitidas co regulamento actual (3+2 anos). É dicir, a intención é que as prórrogas sexan realmente algo excepcional.

7. Rolda aberta de intervencións.

- Pregúntase se hai requisitos adicionais para as teses realizadas no CSIC con directores do CSIC. A resposta é que non, só que o titor debe ser un profesor dunha das universidades participantes.
- Pregúntase se xa hai alumnos facendo o doutoramento industrial. Resposta: no noso programa hai dous casos, un financiado con contrato do ministerio e outro da Xunta de Galicia.
- Pregúntase por unha incidencia co período de matriculación no caso de tres estudantes estranxeiros que queren incorporarse á USC no marco dunha "Marie Curie Doctoral Network". O prazo para eles é o mes de marzo, pero o segundo período de matrícula acaba

de pechar e non poden pospoñelo ata o inicio do curso próximo porque deben comezar traballar antes do 1 de setembro. Vaise consultar á EDIUS.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta da comisión remata a sesión ás 12:54 do 13 de febreiro de 2023, da cal estendo esta acta como secretario.

O secretario

Visto e prace,
A presidenta da comisión